

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN

21/22

Departamento de Relixión

CPI Manuel Suárez Marquier

1.Criterios sobre a avaliación e cualificación

Cálculo da nota:

50% Actitude (Respectar o turno de palabra e as opinións dos compañeiros/as, dispoñibilidade para participar, realizar as tarefas de clase).

30% Caderno de aula (Con tódalas actividades realizadas durante o trimestre, completas e correctamente elaboradas).

20% Coñecementos (Xerais, que amosaran nas diferentes actividades do caderno de aula ou ben nas súas intervencións na aula).

Procedemento de recuperación:

Entregar tódalas actividades feitas durante o trimestre, completas e correctamente elaboradas.

Cualificación final:

Farase a media dos tres trimestres anteriores e contabilizaranse o número de positivos por participar na aula voluntariamente nas actividades de clase, isto último pode supoñer un punto máis na nota final.

Alumnado de materia pendente:

Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: Dado a enorme facilidade para aprobar esta materia, considero que a nota de recuperación non debe ser superior a 5.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Entrega das actividades feitas durante o curso, completas e correctamente realizadas.

2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO.

Nese período axudarase a aqueles alumnos/as que teñan algunha actividade inacabada para que poidan presentar o caderno de aula completa.

Completarase algún tema tratado no curso coa proxeción dalgunha película ou documental.

En 3º ESO farase unha visita ás persoas maiores que participaron na actividade epistolar “Madriñas e Padriños” en colaboración co Concello de O Rosal.

En 4º ESO, dentro do proxecto “O cuidado do medio ambiente comeza no noso patio”, tamén en colaboración co Concello de O Rosal, faremos unha última limpeza do patio e arredores.